

## Horario de acceso aos hortos

De abril a setembro: das 9.00 ás 22.00 h  
De outubro a marzo: das 10.00 ás 20.00 h


Os días 24 e 31 de decembro as hortas pecharanse ás 18.00 h.

## Orientación sobre cultivos


Se precisas orientación sobre técnicas de cultivo, preparación do solo, rega ou calquera outra cuestión relacionada co día a día da túa parcela, podes dirixirte á persoa encargada da monitorización do horto.

## Comunicación de incidencias

Para calquera xestión administrativa (solicitudes, comunicacións oficiais, incidencias formais...), deberás presentar unha solicitude xeral dirixida ao Servizo de Medio Ambiente, a través do Rexistro Municipal, xa sexa de forma telemática, ou a través das oficinas municipais que dispoñan de Rexistro.



Consulta sempre que o necesites, as normas de uso e demais información relativa ao hortos.




[www.coruna.gal/medioambiente](http://www.coruna.gal/medioambiente)

ii Mantén a túa parcela limpa e viva !!



# GUÍA PRÁCTICA HORTOS URBANOS ECOLÓXICOS





# OBRIGAS

- Empregar técnicas de agricultura ecolóxica.
- Manter a parcela e os camiños limpos e en bo estado.
- Evitar producirles molestias ou danos a terceiros. Gardar os apeiros e as ferramentas que non sexan usados.
- Manter a distancia mínima de 30 cm entre os cultivos e os lindes da parcela.
- Comparecer aos requirimentos do persoal municipal nun prazo máximo de 15 días, salvo que houber xustificación.
- Facilitar os labores de control e inspección.
- Eliminar as especies invasoras tan pronto como sexan identificadas.
- Comunicarlle ao Concello calquera circunstancia excepcional, así como a imposibilidade de seguir atendendo a parcela.
- Devolver as chaves e os carnés cando finalice a adxudicación.
- Cumprir coas normas mínimas de convivencia e respecto ao persoal municipal e ás demais persoas usuarias.
- Portar sempre o carné de persoa autorizada e levalo nun lugar visible.

# PERMITIDO



- Usar produtos ecolóxicos e remedios naturais contra pragas e enfermidades:
  - Preparados biodinámicos (recomendado)
    - Infusión de cola de cabalo e similares
    - Decocción de allo e similares
    - Xurro de ortiga e similares
  - Fertilizantes ecolóxicos certificados
  - Compost ecolóxicos
  - Humus de miñoca e guanos
- Instalar alcovues nas parcelas individuais para sementeira e cría durante un curto período para ser logo transplantados á ecohorta.
- Non cultivar durante os meses de decembro e xaneiro.
- Acudir con menores de idade da unidade familiar baixo a supervisión e responsabilidade das persoas autorizadas.

*Se non podes traballar o horto en condicións, considera renunciar. Pensa que hai outras persoas agardando para poder desfrutar del. Grazas!*

# PROHIBIDO

- O monocultivo e a rega mediante manguera.
- A venda dos produtos obtidos mediante o cultivo.
- Usar produtos fitosanitarios, contaminantes, pesticidas e outros non aptos (fertilizantes químicos, esterco sen compostar, insecticidas...)
- Cultivo de especies que poidan suscitar riscos, plantas transxénicas, especies invasoras ou psicotrópicas.
- Cultivar unha parcela distinta da adxudicada.
- A cesión ou o traspaso da parcela así como delegar o uso noutras persoas non autorizadas.
- Deixar a parcela sen uso, desatendida ou en evidente estado de abandono por un período superior a 1 mes sen xustificación.
- Modificar a estrutura da parcela ou os lindes así como instalar construcións fixas ou elementos que deterioren a paisaxe (cadeiras, armarios...)
- Deixar ferramenta na horta ou nos arredores ao finalizar a xornada ou usar grellas fóra do espazo habilitado.
- Empregar estacas perigosas ou plantas con espiñas a menos de 50 cm dos lindes.
- Utilizar ferramentas monitorizadas.
- Prender lume ou almacenar substancias perigosas.
- A entrada e permanencia de animais domésticos, agás atados e baixo supervisión.
- Acceso de vehículos, salvo autorización.

